



## **CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DETERMINADOS CONCELLOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE INFRAESTRUTURA RURAL**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural ten previsto formalizar cos concellos relacionados no seguinte cadro desta memoria o instrumento convencional arriba referido que entrará en vigor o día da súa sinatura e permanecerá vixente ata o remate da actuación contemplada no mesmo, a comunicación da recepción das obras ao Concello e a formalización da acta de entrega.

Que o instrumento convencional ten por obxecto :

A execución por parte da Consellería do Medio Rural de obras de titularidade municipal dos concellos de acordo co seguinte cadro desta memoria e destinalas a o uso público, conforme aos seus correspondentes proxectos de obra.

As obras a conveniar consisten en melloras nas vías rurais municipais nas que, dadas as súas condicións de deterioro, os concellos asinantes consideran prioritarias e urxentes. A súa finalidade é garantir a transitabilidade nunhas condicións aceptables de seguridade vial e de uso.

Así mesmo, a Consellería do Medio Rural considera importante contribuír na execución destas obras, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias e das súas competencias, para a mellora da calidade de vida da poboación rural.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Estes convenios encádranse dentro dun marco de actuacións en infraestruturas rurais financiadas con fondos propios solicitadas polos concellos para as que a Consellería do Medio Rural accede a colaborar tanto no seu financiamento como na xestión da licitación e a execución das obras mediante a sinatura deste instrumento do convenio de colaboración.

As actuacións están diferenciadas respecto de outro tipo de actuacións en base á súa:

Urxencia : Obras na súa maior parte consideradas urxentes, de mellora da seguridade, necesarias melloras e reparacións da capa de rodaxe etc

Tipoloxía: Actuacións en pontes, núcleos de poboación, entre outros e,

Titularidade: Teñen cabida actuacións supramunicipais, que afectan a varios concellos simultaneamente





Así:

**PRIMEIRO.-** A Consellería do Medio Rural, en virtude do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, é o órgano da Administración galega encargado de propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito rural.

En exercicio das súas competencias responsabilízase de accións que teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural.

**SEGUNDO.-** Os concellos relacionados no seguinte cadro presentan unha deficiente dotación de infraestruturas rurais no seu ámbito territorial producíndose carencias importantes que frean o seu desenvolvemento rural.

Provincia	Concellos	Obra obxecto do convenio	Data de sinatura	Orzamento máximo do convenio	Anualidade 2018
A Coruña	Abegondo	Reparación de camiños nas parroquias de Crendes, Viós e Folgoso	07/09/18	48.355,45 €	38.684,36 €
A Coruña	Boimorto	Acondicionamento camiños municipais	07/09/18	46.222,00 €	36.977,60 €
A Coruña	Boimorto - Melide	Mellora da pavimentación na pista de acceso a Castiñeira desde a estrada AC-840	07/09/18	49.700,63 €	24.850,32 €
A Coruña	Boqueixón	Camiño cruce de Vigo a Espiñeira e outros (Boqueixón - A Coruña)	07/09/18	47.916,00 €	38.332,80 €
A Coruña	Coirós	Mellora de viais rurais en Recebes e outros	07/09/18	48.055,49 €	38.444,39 €
A Coruña	Curtis	Pavimentación da contorna do recinto feiral de Curtis	07/09/18	38.695,00 €	30.956,00 €
A Coruña	Fene	Pavimentación Rúa Casal	07/09/18	45.980,00 €	36.784,00 €
A Coruña	Mesía	Camiño na Tieira da Baiuca (Cabruí - Límite concello Oza - Cesuras)	07/09/18	82.935,22 €	41.467,61 €
A Coruña	Miño	Pavimentación de viais na parroquia de Bemantes	07/09/18	40.000,00 €	32.000,00 €
A Coruña	Ordes	Pavimentación camiño en Fosado (Montaos)	07/09/18	48.237,23 €	38.589,78 €
A Coruña	Outes	Pavimentación vial de Catasueiro (Freixo) a Requeixiño (Roo)	07/09/18	48.355,10 €	38.684,08 €
A Coruña	Sobrado	Mellora da pavimentación na pista de Grandemea ao límite municipal	07/09/18	59.960,21 €	29.980,11 €
A Coruña	Tordoia	Camiño de Ambroa a Paraños (Vila de Abade)	07/09/18	47.898,26 €	38.318,61 €
A Coruña	Vilasantar	Reforzo do firme de calzada con M.B.C. Camiños acceso aos núcleos de Abeleiras, o Choque e C.E.I.P. (Présaras)	07/09/18	51.404,43 €	25.702,22 €
Lugo	Baralla	Reparación viaria no núcleo rural de Vilachambre	07/09/18	38.999,75 €	31.199,80 €
Lugo	Becerreá - Triacastela	Mellora do firme da vía de Albela	07/09/18	39.367,88 €	31.494,30 €
Lugo	Begonte	Acondicionamento de camiños municipais nos núcleos de Vigo, Martín e Cima de Vila no concello de Begonte	07/09/18	39.040,64 €	31.232,51 €
Lugo	Cervo	Acondicionamento e mellora do camiño Abelleiriña - Romanos- Pena Esvaradía	07/09/18	55.671,41 €	27.835,71 €
Lugo	Cospeito	Mellora do firme da vía de comunicación que une a estrada DP-16.11 con Arcillá	07/09/18	44.997,21 €	35.997,77 €
Lugo	Folgoso do Courel	Pavimentación de camiño de Reibarba a Aldea	07/09/18	39.998,56 €	31.998,85 €
Lugo	Foz	Reparación de camiño en Nois	07/09/18	39.994,36 €	31.995,49 €
Lugo	Friol	Pavimentación do camiño Castorres - O Toxo	07/09/18	38.000,00 €	30.400,00 €
Lugo	Guntín	Reparación dos camiños de acceso en Mota e Vilar	07/09/18	39.999,12 €	31.999,30 €
Lugo	Mondoñedo	Acondicionamento de camiños municipais en Mondoñedo	07/09/18	39.999,99 €	31.999,99 €
Lugo	Monterroso	Mellora da estrada do cemiterio a Bidouredo	07/09/18	39.999,99 €	31.999,99 €
Lugo	Nogais, As	Pavimentación mediante aglomerado en quente e construción de escolleras en Doncos	07/09/18	38.990,37 €	31.192,30 €
Lugo	Palas de Rei	Acceso á cooperativa e saída á carretera de Santa Mariña	07/09/18	39.998,97 €	31.999,18 €
Lugo	Pantón	Mellora de camiño de titularidade municipal en Paderne	07/09/18	39.831,03 €	31.864,82 €
Lugo	Paradela	Acondicionamento e mellora do acceso ao abastecemento de auga municipal e a Condomiña	07/09/18	39.975,44 €	31.980,35 €
Lugo	Riotorto	Mellora de accesos aos núcleos de Taberna (Santa Marta) e Vilar de Meilán	07/09/18	41.483,05 €	33.186,44 €
Lugo	Taboada	Afirmado e pavimento dos camiños Vilela - Quintá e Castelo - Brandián	07/09/18	40.000,00 €	32.000,00 €
Ourense	Beariz	Acondicionamento de camiño en A Ermida	07/09/18	48.256,01 €	38.604,81 €
Ourense	Boborás	Mellora de camiños municipais en Xuventos, Pazos de Arenteiro e Boborás	07/09/18	47.484,38 €	37.987,50 €
Ourense	Peroxa, A	Mellora de accesos en A Lamiña, Caspición, Abertesga, Gueral e As Casarizas	07/09/18	48.390,01 €	38.712,01 €
Ourense	Veiga, A	Acondicionamento do camiño de acceso ao observatorio astronómico. Lugar do Campo Raso	07/09/18	85.746,31 €	42.873,16 €
Pontevedra	Arbo	Obras de ampliación e acondicionamento de vial en Eidos de Arriba, parroquia de Sela	07/09/18	48.399,02 €	38.719,22 €
Pontevedra	Cerdedo-Cotobade	Reparacións urxentes de camiños municipais	07/09/18	119.998,47 €	59.999,24 €
Pontevedra	Crecente	Pavimentación en Fernández (Crecente) e Mollapán (Freixo)	07/09/18	47.980,01 €	38.384,01 €
Pontevedra	Meis	Mellora de accesos ao núcleo rural de Gondes - A Armenteira	07/09/18	45.962,50 €	36.770,00 €
Pontevedra	Moraña	Reposición de firme no lugar de Cartamil	07/09/18	39.998,30 €	31.998,64 €
Pontevedra	Mos	Mellora de Seguridade Viaria no camiño Ceredelo, parroquia de Torroso	07/09/18	42.901,93 €	34.321,54 €
Pontevedra	Oia	Asfaltado e acondicionamento de camiños en A Riña - Abellariza e Chavella	07/09/18	48.278,96 €	38.623,17 €
Pontevedra	Rodeiro	Pavimentación no camiño de Vistuide ao Sanguíño	07/09/18	47.950,21 €	38.360,17 €
Pontevedra	Sanxenxo	Mellora da capa de rodaxe do camiño Salgueira-Pasales	07/09/18	56.983,74 €	28.491,87 €
Pontevedra	Valga	Ensanche e acondicionamento de camiños en Senín, Xanza e As Eiras, Cordeiro	07/09/18	60.499,00 €	30.249,50 €
Pontevedra	Vilanova de Arousa	Reforzo de firme en varias parroquias de Vilanova de Arousa	07/09/18	48.297,78 €	38.638,22 €
<b>TOTAIS</b>				<b>2.237.189,42 €</b>	<b>1.602.881,74 €</b>





**TERCEIRO.-** A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, vén de determinar as actuacións a realizar en distintos concellos de Galicia que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan:

- Contemplará proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva do medio rural, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuír a fixar poboación.
- Poderanse incluír obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecemento de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren dentro da competencia desta Consellería.

**CUARTO.-** Ambas as dúas partes expresan o seu ánimo de participar e colaborar na consecución deses intereses comúns de apoio ao medio rural galego ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais para a realización de obras titularidade das mesmas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei de contratos do Sector Público, do 8 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

O director xeral de Desenvolvemento Rural

ASINADO DIXITALMENTE

Miguel Ángel Pérez Dubois

